

Edición xeral

Novo ciclo literario no Café Tortoni

A guerra civil contada polos galegos en Bos Aires

As lectoras galegas na Universidade de Bos Aires Andrea Cobas e Débora Campos organizan unha nova actividade literaria no mellor escenario posíbel: o Café Tortoni, sede dos coloquios de Blanco Amor ou Seoane. Desta vez, a guerra civil na narrativa galega será o fio condutor que reúna obras de Xavier Alcalá, Suso de Toro, Xosé Luís Méndez Ferrín, Manuel Rivas ou M^a Xosé Queizán, dende o sábado 3 de marzo.

Redacción - 18:38 01/03/2007

"As representación da Guerra Civil (1936-1939) e o franquismo na nova literatura galega" achegará a Bos Aires as voces da diáspora. Os [lectores](#) bonaerenses coñecerán de preto, como indica Andrea Cobas, "a violencia do Estado, a emigración, a resistencia, as mulleres, sostén da familia e a economía, e moitos outros temas que non son alleos aos arxentinos que vimos de lembrar os 30 anos do golpe de Estado de marzo de 1976".

A Nova Literatura Galega, ou o corpus que integran as novelas escritas dende os últimos 80 até hoxe, será abordada dende a perspectiva do revisionismo histórico. As achegas máis recentes sobre a guerra e o franquismo veñen da man de Suso de Toro, co seu *Home sen nome*, e d'*Os libros arden mal*, de Manuel Rivas. Tamén serán lidas *Fábula*, de Xavier Alcalá, *Land Rover*, de Suso de Toro e algúns contos do libro *Arraianos*, de Xosé Luís Méndez Ferrín. Tamén *Agosto do 36*, de Xosé Fernández Ferreiro, *Amor de tango*, de Queizán, *No ventre do silencio*, de Ferrín, *Expediente Artieda*, de Luís Rei Núñez, e *Pensanao*, de Anxo Angueira Vitorro.

A escolla do [Tortoni](#) non é casual, segundo explicou a xornalista e profesora Débora Campos: "hai algo máis de 70 anos era neste mesmo lugar onde os artistas, políticos e pensadores que a Guerra Civil e o franquismo expulsaron da súa terra atoparon neste precioso café un recuncho onde seguir polemizando, reflexionando, xerando ideas e proxectos".